

De nimbos e lembranzas estivais. Tres poemas de Joseph T. Snow (*Pepe Nieves*)

Ricardo Pichel



Sen medo a que nos reprenda por esta ousadía, falemos un chisco de Pepe Nieves, aquel home entrañábel, de ollada fonda e limpa, cabelo branco, queixada cabaleiresca, mans anoadas sen remedio ás páxinas dun libro, corpo e mente por sempre amalgamados no seu *scriptorium* particular, o pupitre 99 da Biblioteca Nacional de España, o seu eterno *aleph* melibeo e marial, o centro neuráxico dunha inelutábel e indefectíbel vocación orientada, durante case medio século –pouco lle falta–, á intelección e transmisión do coñecemento antigo e do rico patrimonio literario hispánico. Desde hai máis de cincuenta anos, as súas tres principais queixas e inqueanzas amorosas, *Celestina*, o *Libro de buen amor* do Arcipreste de Hita e as *Cantigas de Santa María* do Rei Sabio, lévano perseguindo cal amante despeitado –*sarna con gusto...*– desde a súa *alma mater* universitaria, a de Wisconsin-Madison –alí se doutorou un 21 de setembro de 1971– até os corredores da Nacional e por mil e un recantos máis dentro e fóra de Madrid, forxándose, así, a lenda viva e perenne dun dos investigadores máis apreciados e recoñecidos do hispanomedievalismo internacional. Se aquel «*Háblanse por entre las puertas...*» (Acto XII, argumento) supuxera

un primeiro chamamento colaborativo no volume 1/1 (1977) de *Celestinesca* –revista fundada e dirixida durante vinte e seis anos polo propio Joe Snow–, o mítico «*Contarte he maravillas...*», co que se inauguraba o noticieiro celestinesco nese mesmo número, acabou por se converter no himno de recoñecemento e celebración dunha extensa e intensa traxectoria vital e profesional que neste 2021 cumpre oitenta anos de incombustíbel existencia.

Porén, hoxe non somos nós quen cantamos as maravillas de Pepe, senón el mesmo a través da súa propia ollada poética –que eu definiría como una airexa maina no serán da nosa infancia– traducida á nosa lingua. Cóstanos, ademais, que tal exercicio de relectura foi tamén practicado por Fernando Criado, neste caso para o castelán. Trátase, en calquera caso, dunha selección de tres poemas redixidos en dous momentos ben distantes entre si: o primeiro, “Summer”, fora publicado en *America Sings. Spring Anthology of College Poetry* (National Poetry Press, 1968), na súa época como universitario en Wisconsin. Doutra parte, dous poemas inéditos (“Clouds”), escritos en East Leasing (Michigan) en época recente (2020).

Summer

A wayward melody
of echoing notes
invades my room from somewhere
on the other side of the door –
stirs my soul from somewhere
down the unwalked halls of memory
and waits, patiently,
while unresisting – listening – I wake

Clouds

I acknowledge shape-shifting
certainties that above me
are revealed in the clouds
as I try to decipher them;
but when I stop trying and relax,
my mind is a blank page
and they speak to me and
tell me – showing me – in their
sudden re-formations
what they wish me to know,
speaking to my eyes
what words cannot say.
A cloudless sky, blue and bright,
always makes me feel, though alone, expectant.

Looking heavenward
the clouds beckon to me
and show me wondrous things,
mingling, forming, dispersing
they fuse and drift apart
those white and gray bodies
permitting me to train my eyes
to unlock their secrets
to open my mind and, in doing so,
to surrender secrets of my own.

Verán

Unha porfiada melodía
de notas resoantes
invade o meu cuarto desde algures
ao outro lado da porta;
impulsa a miña alma desde algures
polos intransitados corredores da memoria
e agarda, pacientemente,
mentres, manseliño, escoito e vou acordando.

Nubes

Recoñezo as certezas
mudábeis que sobre min
se revelan nas nubes
en canto trato de descifralas;
mais cando deixo de facelo e acougo,
a miña mente é unha páxina en branco
e elas falan comigo,
cóntanme e apréndenme nas súas
súbitas recreacións
o que devecen por que eu coñeza,
falándome aos meus ollos
do que as palabras non poden expresar.
Un ceo sen nubes, azul e brillante,
sempre me fai sentir só, mais expectante.

Ollando cara ao ceo
as nubes acenan para min
e apréndenme cousas maravillosas;
mestúranse, fórmanse e dispérsanse,
fúndense e distáncianse
aqueles corpos brancos e cinentos,
permitíndome adestrar os ollos
para desvendar os seus segredos,
para espertar o meu maxín e daquela
ficar rendido ante elas.